

Avanza no seu plan de transformación

EROSKI REMODELARÁ 22 TENDAS EN BALEARES CUN INVESTIMENTO DE 8 MILLÓNS DE EUROS

- **EROSKI prevé alcanzar 65 tendas de nova xeración en Baleares durante este exercicio**
- **A cooperativa traballa con preto de 120 provedores locais aos que realiza compras superiores aos 98 M€**
- **Máis de 413.000 consumidores son Socios Clientes de EROSKI en Baleares**

Mallorca, 11 de maio do 2018.- [EROSKI](#) investirá 8 millóns de euros durante o 2018 para impulsar a adaptación dos seus establecementos en Baleares ao modelo comercial "contigo", que ten como eixes centrais un trato máis personalizado ao cliente, unha forte aposta polos produtos locais e frescos de tempada, a promoción dunha alimentación saudable e novas maneiras de aforrar na compra cotiá.

Das vinte e dúas tendas que se van transformar e –algunhas delas- ampliar, dezaseis serán en Mallorca, catro en Menorca e dúas en Ibiza. Durante os dous últimos anos, EROSKI deulle un forte pulo á extensión do seu modelo comercial "contigo" en Baleares, onde realizou 24 transformacións de supermercados e abriu 19 novas tendas franquizadas.

As obras de transformación céntranse especialmente na área de frescos, que se renova en todos os establecementos para poñer en valor a ampla variedade de produtos, xunto á aposta polos alimentos locais de tempada. A cooperativa comercializa máis de 1.200 produtos baleares e mantén acordos de colaboración con preto de 120 provedores locais aos que realiza compras superiores aos 98 millóns de euros. Ademais, as tendas amplían a súa gama de produtos en máis de 1.000 referencias para lle ofrecer unha maior liberdade de elección ao consumidor cun amplo abano de marcas fabricantes, marcas propias e produtores locais.

"Os nosos establecementos son plataformas abertas para a comercialización dos alimentos producidos no seu contorno. Ofrecémoslle ao consumidor un doado acceso aos alimentos producidos na súa rexión para integralos nos nosos hábitos cotiáns, e impulsamos asemade un sector agroalimentario cun tecido produtivo altamente diversificado, como elemento clave para a súa sostibilidade e contribución á economía, cultura e calidade ambiental do noso contorno", explicou o director de EROSKI en Baleares, Alfredo Herráez.

Os produtos dietéticos e biolóxicos ven aumentado o seu espazo nas tendas que se van transformar, configurando espazos que agrupan todas as novas tendencias de alimentación. Ademais, esta sección complétase cunha ampla gama de produtos

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
XURDANA FERNÁNDEZ

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

**EROSKI – OFICINA DE PRENSA
CONSEJEROS DEL NORTE**

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)

específicos para intolerancias alimentarias (glute, lactosa...) ou produtos adecuados para unha alimentación baixa en graxas, azucre ou sal. A isto tamén se suma unha renovada sección de Perfumería-Parafarmacia máis ampla atendida por persoal con formación especializada que ofrece unha completa atención ao cliente para o coidado persoal.

Ademais, a transformación dos establecementos ofrecerá unha variedade máis ampla de produtos nas seccións de aceites, pastas, chocolates, té e infusións ou coidado persoal para aumentar a liberdade de elección dos consumidores e darlles resposta ás necesidades reais dos clientes.

Creación de 108 postos de traballo

Entre as novidades das tendas "contigo" destaca a forte aposta pola atención personalizada. *"Melloramos a venda asistida en mostrador nas seccións de chacinería, carnicería e peixería. Impartíronselle máis de 1.800 horas de formación ao cadro de persoal para mellorar a súa capacidade de asesoramento ao cliente"*, afirmou o director de EROSKI en Baleares. Esta atención personalizada terá, ademais, un desenvolvemento progresivo cunha maior adecuación de ofertas e promocións a cada Socio Cliente a través da tarxeta EROSKI Club que conta con máis de 413.000 titulares que gozan xa das súas vantaxes en Baleares. Boa parte deles adscribíronse ao novo programa que vén de lanzarse de aforro fixo e universal do 4% en todas as compras realizadas para os titulares da nova tarxeta Ouro de EROSKI Club na súa rede de establecementos, incluídas as compras de combustible na súa rede de gasolineras.

Baixada de prezos

Un aforro que se suma á baixada de prezo a milleiros de produtos que a cooperativa aplicou en máis de 4.000 artigos da cesta habitual da compra, dando así un paso máis no seu compromiso co aforro dos consumidores. Os clientes estanse a beneficiar de prezos máis competitivos en EROSKI sobre os que ademais se seguirán a descontar as ofertas e mais as promocións personalizadas aos seus Socios Cliente a través do programa de fidelización EROSKI Club.

"Esta baixada xeralizada de prezos en EROSKI é un paso máis no noso compromiso por lles trasladar aforro aos consumidores co obxectivo de contribuírmos ao seu benestar e calidade de vida. Baixamos os prezos polas melloras acadadas na nosa cadea de subministración e os nosos clientes poderán atopar os seus produtos preferidos de marcas fabricantes e marca propia, agora con prezos máis baixos", asegurou Alfredo Herráez.

Multicanle

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
XURDANA FERNÁNDEZ

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI – OFICINA DE PRENSA CONSEJEROS DEL NORTE

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)

Ademais, EROSKI avanza nunha proposta multicanle que busca atender o cliente onde, como e cando queira a través de distintos formatos de tenda e distintas canles dixitais. *“Hai menos dun ano presentamos a actualización da App EROSKI para que os usuarios poidan seguir a gozar de xeito máis cómodo das súas funcionalidades”*, lembrou Herráez.

Tendas con menor impacto ambiental

As tendas de nova xeración de EROSKI incorporan ademais innovacións tecnolóxicas para mellorar a súa eficiencia enerxética e reducir o impacto ambiental atendendo as particularidades de cada emprazamento. Principalmente, estas innovacións concéntranse no deseño climático do establecemento e nas instalacións de frío, sistemas de iluminación e minimización de refugallos.

EROSKI en Baleares

EROSKI conta con 191 establecementos en Baleares, entre propios e franquitados. É, ademais, o único supermercado online con entrega a domicilio no conxunto das Illas Baleares.

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
XURDANA FERNÁNDEZ

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI – OFICINA DE PRENSA CONSEJEROS DEL NORTE

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)